

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E A ENTIDADE CAIXA RURAL GALEGA, S.C.C.L.G. PARA A CELEBRACIÓN DO *ARDE LUCUS* 2024

Lugo, 8 de MAIO de 2024

REUNIDOS



Dunha parte, Don Jorge Bustos Atanasio, con DNI núm. 33.537.892M, en nome e representación do Excmo. Concello de Lugo (en adiante Concello), con NIF P-2702800-J, e domicilio na Praza Maior s/n, actuando en calidade de Concelleiro de Xuventude e Deportes, conforme as atribucións que lle son outorgadas polo artigo 124 de la Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, delegada a competencia segundo o Decreto 464/2024 de 19 de xaneiro de 2024, do Libro Único de Resolucións.

Doutra parte, José Manuel López Marcos, con DNI núm. 34.261.292D, na súa calidade de Director Comercial da entidade Caixa Rural Galega, S.C.C.L.G., con CIF F-27005164, con domicilio en Lugo, rúa Montero Ríos, 24-26, recoñecendo ambos capacidade para subscribir o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN, e

MANIFESTAN

Que O Excmo. Concello de Lugo, como todos os anos, pon en marcha a XXIII edición do *Arde Lucus*, unha festa de recreación histórica que devolverá a cidade de Lugo a época do Imperio Romano (siglo I-II d.C.). O *Arde Lucus* recorda a fundación da

cidade dentro do incomparable marco histórico que proporciona a Muralla de Lugo, declarada Patrimonio da Humanidad pola UNESCO no ano 2000, y é unha oportunidade para acercarse o pasado romano de Lugo, e coñecer a súa historia. Esta festa foi cobrando importancia ao conxugar cultura e ocio, converténdose nun referente a nivel nacional, como o demostra a súa gran repercusión mediática e de afluencia de público. No ano 2017 foi recoñecida como *Festa de Interés Turístico Nacional* e alcanzando o máximo renomecemento no 2023 como "*Festa de Interese Turístico Internacional* "

O art. 48.3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público, permite a subscrición de convenios coa finalidade de mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Visto o interese da entidade Caixa Rural Galega, por colaborar co Concello de Lugo no desenrolo da XXIII edición do *Arde Lucus*, ambas partes acordan firmar este Convenio de Colaboración, acolléndose ao art. 47.2.c) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público, que permite os convenios entre unha Administración Pública u organismo ou entidade de dereito público e un suxeito de Dereito privado, e o art. 25.1 da Lei 49/2002, do 23 de decembre, de Réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais o mecenazgo, e

CONVEÑEN

PRIMEIRO.- O obxecto deste convenio é a colaboración económica, sen carácter exclusivo, por parte da entidade Caixa Rural Galega, da XXIII edición do *Arde Lucus*, que se celebrará entre os días 13 e 16 de xuño de 2024. A celebración da festa, entendida como promoción e prestación dun servizo público que contribúe a

satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, é competencia do Concello de Lugo, segundo o art. 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

SEGUNDO.- Como parte desta colaboración, a entidade Caixa Rural Galega, financia, mediante a entrega da cantidade de 10.000.- €, os gastos executados e asumidos polo Concello na celebración do *Arde Lucus*. Dita cantidade ingresarase na conta do Concello de Lugo número ES73 3070 0001 2560 7047 3522, sempre con carácter previo ao inicio das actividades e preferiblemente a firma do convenio.

TERCEIRO.- Pola súa parte, o Concello de Lugo incluírá os logotipos da entidade Caixa Rural Galega nos carteis e programas realizados con motivo do *Arde Lucus*, e difundirá por todos os medios de comunicación que utilice para a difusión da festa, a participación da entidade colaboradora nela. O rematar o *Arde Lucus*, o Concello enviará a entidade colaboradora un dossier informativo e recompilatorio das actividades realizadas durante a mesma.

CUARTO.- O incumprimento de calquera das cláusulas deste Convenio de colaboración dará lugar á rescisión inmediata das obrigas contraídas polas partes. Será causa de extinción do Convenio igualmente as expostas no art. 51.2 da Lei 40/2015.

QUINTA.- Este Convenio ten a consideración de Convenio de colaboración, e non constitúe en ningún caso contrato de patrocinio nin de prestación de servizos. O seo réxime xurídico será o contido na seguinte lexislación:

- Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Ley 49/2002, de 23 de decembro, de Réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais o mecenazgo.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

SIXTO.- As dúbidas que se presenten na interpretación i execución deste Convenio de colaboración serán resoltas por unha Comisión Mixta integrada por dous membros de cada unha das partes. E no caso de que persista a discrepancia, esta será resolta pola Excm. Sra. Alcaldesa, cuxa resolución porá fin a vía administrativa e poderá ser obxecto dos recursos correspondentes.

SÉPTIMO.- Este Convenio non será prorrogable, e estará en vigor desde a data da súa firma ata o 16 de xuño de 2024.

Por todo o exposto, firman as partes o presente acordo por triplicado, en proba de conformidade na data arriba expresada.

O CONCELLEIRO DE XUVENTUDE
E DEPORTES



Ado.: Jorge Bustos Atanasio

O DIRECTOR COMERCIAL DE
CAIXA RURAL GALEGA,
S.C.C.L.G.

Ado: José Manuel López Marcos